

D. Jacobo Barreiro Pimentel, Secretario do Concello de Ponte Caldelas, do que é Alcalde D. Andrés Díaz Sobral,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno en data 22.06.2015 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“8. LICITACIÓNS E CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS.

8.1. COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL PARA A ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS EN CARITEL.

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

Dado que nos Pregos, na cláusula 6, establece a composición da Mesa de contratación, por isto, **PROPOÑÓ Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

Primeiro: A composición da Mesa de contratación queda como segue:


- Presidente: O Sr. Alcalde, D. Andrés Díaz Sobral, ou persoa en quen delegue.
- Secretario do Concello: O Sr. Secretario, D. Jacobo Barreiro Pimentel, ou persoa en quen delegue.
- Interventora municipal: A Sra. Interventora, D^a Maruxa Cabaleiro Cuññas ou persoa en quen delegue.
- Traballadora Social do Concello: D^a Ana M^a Pazos Sánchez.
- Educadora Social do Concello: D^a Eva María Moldes Casal.
- Unha secretaria: funcionaria dos servizos xerais, D^a Iria Fernández Peón.


Segundo: A Mesa de contratación procederá, en sesión non pública, á cualificación previa da documentación xeral do sobre A, o día 23.06.15 ás 13:00 horas na Casa do Concello.

Terceiro: Segundo se recolle na cláusula 6 dos Pregos recóllese que unha vez cualificada a documentación administrativa, poderá outorgarse prazo para a subsanación de erros na documentación por prazo non superior a tres días. A apertura do sobre B, que se realizará en acto público, sempre e cando a documentación contida no sobre A sexa a correcta, poderase abrir o B ás 13:00 horas do mesmo día 23. De non ser así fixarase un novo día por Xunta de Goberno que se publicará no taboleiro de anuncios e perfil do contratante.

Cuarto: Que se publique o presente no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.”

E para que conste e aos efectos oportunos, coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, en Ponte Caldelas a 23.06.15.


O Alcalde,
Vº e Prce.
Asdo. Andrés Díaz Sobral


O secretario,
Asdo. Jacobo Barreiro Pimentel